



# PLAN DIGITAL

CPI Aurelio Marcelino  
Rey García

(Código de centro: 36015111)

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

- Nome: CPI Aurelio Marcelino Rey García
- Dirección: Rúa José María Lastra 3. 36670. Cuntis (Pontevedra)
- Correo electrónico: [cpi.aurelio.marcelino@edu.xunta.gal](mailto:cpi.aurelio.marcelino@edu.xunta.gal)
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiaureliomarcelino/>
- Nº alumnado/profesorado: 372/42

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CPI Aurelio Marcelino Rey García foi creado segundo a Lei xeral de educación de 1970 para impartir Ensinanza Xeral Básica (EXB). Nun principio, o centro estaba dividido en dous edificios (un deles estaba na praza da feira), en cuxas instalacións se impartía a Educación Preescolar e Ciclo Inicial de EXB mentres que no centro da rúa da Palma, impartíanse o resto dos niveis (Ciclo Medio e Ciclo Superior). Coa entrada en vigor da LOXSE e a ampliación da escolaridade obrigatoria ata os 16 anos, o centro experimentou unha ampliación para acoller a todas as etapas do ensino obrigatorio básico e produciuse a unificación no mesmo centro de todas as etapas que se imparten actualmente. O Decreto 7/1999 creou os CPI, pasando desde entón a denominarse CPI Aurelio Marcelino Rey García.

- O alumnado do centro procede tanto das aldeas do municipio como do núcleo urbano do Baño. O alumnado que acode a este centro é de extracción socio-económica media e baixa. Hai varios casos de familias moi desfavorecidas, da maioría das cales provén un alumnado con serias dificultades de aprendizaxe, debido, entre outros factores, á situación familiar. Así mesmo, tamén temos un alto número de alumnado procedente de familias desestruturadas que, xunto cos anteriores, conforman a maior parte do alumnado con déficit de éxito escolar. O alumnado de procedencia estranxeira é escaso, mais o que hai intégrase con relativa facilidade.
- A lingua de relación e uso diario é maioritariamente o galego aínda que se ten detectado no Plan lingüístico un aumento do uso inicial do castelán nos primeiros grupos de Educación Infantil, así como actitudes e opinións estereotipadas e prexuzosas da súa propia lingua.

Este Plan Dixital debe ser o instrumento que favoreza e impulse o uso dos medios dixitais, no proceso de ensino- aprendizaxe e no proceso de xestión do centro. A súa implantación implica que o Plan Dixital pase a formar parte do Proxecto Educativo do centro ao que buscará contribuír do seguinte xeito:

- Aproveítanse as ferramentas dixitais para favorecer o desenvolvemento das competencias do alumnado.
- Facilítase o desenvolvemento de novos modelos pedagóxicos co apoio das novas tecnoloxías.
- Foméntase o uso de materiais e programas de uso libre.
- Foméntase a aprendizaxe cooperativa entre o alumnado e o profesorado.

O compromiso do centro co desenvolvemento das TICS é claro, xa que desde hai máis de 10 anos formouse parte do proxecto Abalar, pasando a ser centro Edixgal hai 4 anos.

É de destacar que dentro dos programas de innovación educativa o centro, ao longo destes últimos anos, ven participando en diversas iniciativas como son: os contratos programa nas súas dúas vertentes (CPIInclúe e CPIInnova), iniciación da robótica en educación primaria (a través da implantación dunha materia de Libre configuración en 4º de EP), programas proxecta + (meteoescolas, donas de si...), clubs de lectura e de ciencia.

Respecto a PXA para curso 22/23 a idea e o sentir do centro é a de continuar con estes programas e optar a concesión do programa Polos Creativos.

Consideramos a formación continúa, no eido dixital, básica; polo que dentro do plan Plan Permanente de Formación do Profesorado incluiremos unha liña que axude ao desenvolvemento profesional continuo como indicaremos no plan de acción.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A xustificación da realización deste plan ven dada Pola seguinte lexislación:

- Nos Artigos 111 bis, 121 e 132 da LO 3/2002 de 29 de decembro de Mellora da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación pola necesidade de deseñar e aplicar plans educativos específicos coa finalidade de acadar obxectivos e competencias do currículo.
- Na Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das

enseñanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022, que destaca a obrigatoriedade dos centros de dispoñer dun Plan dixital.

- Por último na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

#### 1.4. Proceso de elaboración

Ao longo do curso 21-22 un equipo de 8 persoas démoslle forma a este documento seguindo as seguintes pautas de organización do traballo:

- Desde o inicio do proceso tivemos designada unha asesora dixital de centro (ADIX) que nos guiaba sobre os pasos a seguir para desenvolver os diferentes apartados deste plan.
- A medida que ían chegando indicacións dos diferentes apartados (preguntas propias da batería SELFIE, Test CDD, análise DAFO, plan de acción e documento final) cada un analizaba os diferentes apartados e presentaba propostas nunha reunión conxunta na que se decidía a proposta final.
- É de destacar que os membros do equipo asistiron a dúas xornadas de formación sobre aspectos a desenvolver do plan dixital: análise DAFO e plan de acción.
- O documento final foi enviado e revisado de xeito individual polos membros do grupo antes de presentalo para a súa aprobación en Claustro.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- A infraestrutura dixital do centro conta con conectividade e infraestruturas de voz e datos para dar soporte as actividades ordinarias do centro: pero aínda que existen aulas do centro (as aulas de Educación Física) ás que non chega a rede sen fíos do centro.
- Respecto ao equipamento dispoñible:
  - Ao pertencer ao proxecto Edixgal todas as aulas desde 3º de EP ata 4º da ESO están dixitalizadas.
  - O resto das aulas desde EI ata 4º de Educación Primaria dispoñen de equipos e proxectores e algunhas (5 de 12) dispoñen de pizarra dixital (material mercado polo centro). Só

unha aula das 5 que teñen pizarra é dotación directa da consellería. Estas aulas teñen equipamento para o uso do alumnado en determinados momentos da xornada.

- A través do programa Red.es dotouse a inicios deste curso 21-22 de 14 equipos ultraportátiles que a finais deste curso puideron ser usados de xeito xeneralizado polo alumnado do 2º ciclo de Educación Primaria.
- Respecto a dotación de equipos en despachos de administración e equipos para biblioteca, sala de profesorado, departamentos entendemos que o centro está ben dotado, xa que, coa entrada da ESO no proxecto E-dixgal, os equipos que formaban parte da aula de informática da ESO (equipada no curso 15-16) reubicáronse en despachos, biblioteca e sala de profesorado para realizar as tarefas administrativas do centro.
- Existe equipamento do centro non dotado por parte da administración como son:
  - 27 tabletas e dous carros de carga das mesmas, para realizar actividades pedagóxicas e apoio a alumnado NEAE.
  - 25 minipc que son os equipos de referencia nas aulas que non pertencen ao Proxecto Edixgal e aulas específicas de determinadas materias como música, educación plástica e visual, tecnoloxía, laboratorio e as aulas de desdobres.
  - 20 pc que conforman os recunchos TIC das aulas que non pertencen ao proxecto Edixgal, onde se combinan dotación da administración e material propio do centro.
- Respecto aos servizos dixitais educativos podemos comentar que no centro:
  - Utilízase o espazo abalar como medio de comunicación coas familias de xeito exclusivo (incidencias, cualificacións, faltas de asistencia/conducta, autorización das saídas...)
  - Unha parte significativa do profesorado mantén actualizados os contidos traballados na plataforma Edixgal e nas aulas virtuais.
  - A páxina web convértese no instrumento fundamental para seguir a vida do centro e como medio de orientación e información para toda a comunidade educativa.

- Para a xestión do mantemento dos equipos dotados polo AMTEGA dispoñemos do servizo Edixgal premium (para equipamento do proxecto Edixgal) e da UAC (para equipos que non forman parte do Edixgal).
- O centro dispón dun servizo de mantemento externo para o equipamento mercado polo centro e para a xestión das diversas incidencias relacionadas coa configuración de periféricos e de protocolos de rede deste equipamento.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

- *Resumo das puntuacións das diferentes áreas do informe SELFIE.*

Áreas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bach.	FP	Ed. P.Sec
A -Liderado	Equipo Directivo	2.3	2.7	-	-	-
	Profesorado	3.6	3.3	-	-	-
	Alumnado			-	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	2.6	2.1	-	-	-
	Profesorado	3.2	2.6	-	-	-
	Alumnado	3.2	3.1	-	-	-
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	4.2	4.1	-	-	-
	Profesorado	4.3	4.1	-	-	-
	Alumnado	4.3	3.9	-	-	-
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	3.8	3.9	-	-	-
	Profesorado	4.1	3.3	-	-	-
	Alumnado			-	-	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3.5	3.4	-	-	-
	Profesorado	4.3	4	-	-	-
	Alumnado		3.8	-	-	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	2.6	3	-	-	-
	Profesorado	3.7	3.3	-	-	-
	Alumnado	3.4	3.5	-	-	-
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	2.3	2.7	-	-	-
	Profesorado	3.2	2.7	-	-	-
	Alumnado		3.1	-	-	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	2.9	3.1	-	-	-
	Profesorado	3.8	3.3	-	-	-
	Alumnado	3.9	3.4	-	-	-

○ *Participación segundo perfil do profesorado*

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	<u>26</u>	<u>33</u>	<u>78,8%</u>
<b>PROVISIONAL</b>	<u>4</u>	<u>5</u>	<u>80%</u>
<b>INTERINO</b>	<u>0</u>	<u>2</u>	<u>0%</u>
<b>SUBSTITUTO</b>	<u>5</u>	<u>8</u>	<u>62,5%</u>
<b>DESPRAZADO</b>	<u>0</u>	<u>0</u>	<u>0%</u>

○ *Puntuación e nivel de competencia do centro*

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
73,2	INTEGRADOR/A (B1)	76,4	INTEGRADOR/A (B1)

○ *Puntuación e nivel de competencia por etapas*

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	0	0%
<b>A2</b>	16	45,7%
<b>B1</b>	12	34,3%
<b>B2</b>	7	20%
<b>C1</b>	0	0%
<b>C2</b>	0	0%
<b>TOTAL</b>	35	100,00%



o *Distribución do profesorado por niveis*

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	0	0%
<b>A2</b>	16	45,7%
<b>B1</b>	12	34.3%
<b>B2</b>	7	20%
<b>C1</b>	0	0%
<b>C2</b>	0	0%
<b>TOTAL</b>	35	100,00%

### 2.3. Análise DAFO

		FORTALEZAS	DEBILIDADES
<b>CATEGORIAS</b>	<b>INFRAESTRUTURAS EQUIPAMENTO</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Infraestrutura</li> <li>2. Dispositivos dixitais para o ensino</li> <li>3. Acceso a internet</li> <li>4. Asistencia técnica</li> <li>5. Dispositivos dixitais para a aprendizaxe</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Política protección de datos.</li> </ol>
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Iniciativas para afrontar necesidades de formación profesional continua.</li> <li>2. Adopción de innovacións educativas por parte do profesorado.</li> <li>3. Extensión e promoción entre o profesorado de innovación educativas</li> <li>4. Incorporación por parte do profesorado de tecnoloxías dixitais para a avaliación</li> <li>5. Participación do alumnado na autoavaliación e coavaliación con ferramentas dixitais.</li> <li>6. Participación do profesorado no desenvolvemento profesional continuo.</li> <li>7. Recursos educativos en liña.</li> <li>8. Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe</li> <li>9. Comunicación coa comunidade educativa (equipo directivo- profesorado, profesorado-familias)</li> <li>10. Adaptación ás necesidades do alumnado</li> <li>11. Fomento da creatividade</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Existencia de canles de comunicación entre as diferentes etapas do centro (profesorado EP/ profesorado ESO)</li> <li>2. Existencia de estratexias de comunicación con outros centros educativos</li> <li>3. Participación do profesorado en redes colaborativas profesionais</li> <li>4. Creación de espazos para compartir recursos educativos dixitais.</li> <li>5. Participación en proxectos interdisciplinares.</li> <li>6. Creación de recursos educativos dixitais.</li> <li>7. Dinámicas para reflexionar sobre o uso da tecnoloxía.</li> </ol>
	<b>ALUMNADO</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Utilización dos recursos dixitais para observar e documentar os progresos.</li> <li>2. Dispositivos dixitais para a aprendizaxe</li> <li>3. Comportamento seguro</li> <li>4. Comportamento responsable</li> <li>5. Aprender a comunicarse</li> <li>6. Outorgar recoñecemento ao traballo dos demais</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Incorporación nas diferentes materias de conceptos como a verificación da información</li> <li>2. Creación de contidos dixitais</li> </ol>
	<b>OFERTA</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Novas modalidades de ensino: aprendizaxe cooperativa, traballo por proxectos, traballo por ámbitos...</li> </ol>	
	<b>ORGANIZACIÓN DE CENTRO</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Resolución de incidencias técnicas.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Estratexia dixital</li> <li>2. Desenvolvemento da estratexia co profesorado</li> </ol>

		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORIAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Plantilla consolidada do profesorado na etapa de Infantil e Primaria.</li> <li>2. Participación en programas da consellería vinculados coas TICS (Edixgal, robótica...)</li> <li>3. Implantación de recursos dixitais de comunicación nas tarefas administrativas e docentes: correo electrónico, abalarmobil, abalarpro.</li> <li>4. Achegas económicas que recibe o centro.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1- Planificación e organización da formación do Plan Dixital</li> <li>2. Plantilla non consolidada do profesorado da ESO en materia relacionadas coas TICS (matemáticas, tecnoloxía...)</li> <li>3. Escasa implantación dos recursos dixitais nas tarefas docentes: avaliación (portfolio, cuestionarios dixitais) traballo colaborativo ( agueiro)</li> </ol>
	<b>LEXISLACIÓN</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Protección de datos</li> </ol>	
	<b>ANPA</b>		<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Escasa participación da ANPA no eido dixital.</li> <li>2. Pouca oferta de actividades extraescolares relacionadas coas TICS</li> </ol>
	<b>CONTORNA</b>		<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Escasos recursos físicos e formativos das familias en relación ao eido dixital.</li> </ol>
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Participación en programas externos relacionados coas TICS: Snappet</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Participación do profesorado en redes colaborativas profesionais</li> </ol>

### 3. Plan de Acción

#### 3.1 Obxectivos, indicadores e accións

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo						
<b>1 OBXECTIVO (1):</b>	Mellorar a competencia dixital do profesorado cun PFP sobre competencias dixitais				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo,coordinador TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO(2)</b>	Porcentaxe de participación do profesorado en actividades formativas					
<b>Valor de partida (3)</b>	O 10% do profesorado participa en actividades formativas					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Do 90% do profesorado participa en actividades formativas			Do 1 de setembro ao 30 de xuño		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Realizar unha enquisa dos intereses de formación do claustro.	Equipo TIC	1º TRIMESTRE	ENQUISAS		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Formación da política de protección de datos nos centros educativos	Coordinador TIC	2º TRIMESTRE	PROTOCOLOS, ANTIVIRUS, ...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Presentación do Proxecto EDIA do INTEF	Coordinador Plan Dixital	20-09- 2022	Ordenador e proyector Equipos informáticos e canón		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Iniciación a creación de recursos educativos abertos	Coordinador PFP	30-06-2023	Docente externo para a aprendizaxe exelearning e H5P		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>A01.5: Presentación dos instrumentos de avaliación corporativa</b>	Coordinador Plan Dixital	20-09- 2022	Ordenador e proxector		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A01.6: Ofrecer espazos dixitais e ferramentas TIC para a formación do profesorado fomentando a autoaprendizaxe.</b>	Equipo directivo Coordinador TIC Claustro	Todo o curso	Equipamento TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Colaboración e redes						
<b>2. OBXECTIVO (1):</b>		Intercambiar correspondencia on line con alumnado doutros centros europeos a través da European School Education Platform.			Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>		Persoas titoras			Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>		Número dos grupos de alumnado intercambia mensaxes con alumnado doutros centros europeos a través da European School Education Platform e dúas ocasións durante o ano académico.				
<b>Valor de partida (3)</b>		0 aulas				
<b>Valor previsto e data (4)</b>		Dúas aulas participantes no proxecto		Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Buscar socios interesados na plataforma European School Education Platform.	Persoas titoras	Xuño 2023	Ordenadores, tabletas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Establecer un momento e finalidade da comunicación.	Persoas titoras	Xuño 2023	Ordenadores, tabletas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Elaborar as mensaxes e envialas.	Persoas titoras	Xuño 2023	Ordenadores, tabletas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Pedagogía: Apoio e recursos.						
3. OBXECTIVO (3):	Compartir recursos educativos realizados polos docentes				Acadado	
RESPONSABLE:	Claustro de profesores				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de recursos educativos compartido					
Valor de partida (3)	0					
Valor previsto e data (4)	25 recursos creados			30 de maio de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Creación de materia compartida en todas as aulas Edixgal para compartir recursos	Coordinador Edixgal	1 10 2022	Equipos informáticos Disponibilidade horaria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Creación de cursos de aula virtual para compartir recursos	Administrador Aula virtual	1-10-2022	Equipos informáticos Disponibilidade horaria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Presentación das iniciativas para compartir recursos	Administrador Aula virtual e Coordinador Edixgal	10-10-2022	Equipos informáticos e canón Disponibilidade horaria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Liderado						
4 OBXECTIVO (1):	Implicar ás familias nas propostas TIC realizadas desde o centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC e Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de familias participan nas propostas feitas.					
Valor de partida (3)	- Participación das familias (0%)					
Valor previsto e data (4)	- Participa das familias (50%)			Xuño2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A04.1: Informar ás familias nas reunións sobre as ferramentas TIC do centro	Titores e coordinadores	Outubro 2023	Equipamento TIC Disponibilidade horaria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Facer unha enquisa entre as familias, sobre as temáticas TIC sobre as que estarían interesados en formarse no centro.	Coordinador TIC e outros docentes	Xaneiro 2023	Web do centro, Abalar Móbil Disponibilidade horaria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Organizar obradoiros, nos que poidan participar familias cos seus fillos.	Coordinador TIC e outros docentes	Xuño 2023	Equipamento TIC, aula STEM, resultados das enquisas. Disponibilidade horaria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.4: Asesorar e guiar á ANPA sobre o uso do seu espazo na Web do centro.	Coordinador TIC	Xuño 2023	Web do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



### 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

En estreita relación co apartado 2.1 de situación de partida desde o centro demándase o seguinte:

- Dotar da conectividade de redes sen fíos para aquelas aulas que aínda non dispoñen dela, para desenvolver de xeito completo o proxecto E-dixgal (Esta solicitude foi demandada polo centro en maio do curso 20-21).
- Dixitalizar as aulas de educación infantil e 1º ciclo de educación primaria, xa que as pizarras dixitais non admiten o software abalar.
- Dotar ao centro de equipos ultraportátiles, para dar servizo ao 2º ciclo de Educación Primaria e, deste xeito, dispoñer de dúas aulas móbiles co fin de introducir ao alumnado deste ciclo ao proxecto E-dixgal do que formarán parte ata que rematen a ESO.
- Renovación de equipos de referencia nalgunhas aulas Edixgal, xa que son equipos de antigo proxecto Abalar.

### 4. Avaliación do plan

Cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos que nos servirán de guía, polo que entendemos que para avaliar este plan ao longo do curso deberiamos:

- Revisar as accións a desenvolver correspondentes aos distintos obxectivos nos prazos indicados, como mínimo unha vez por trimestre.
- Valorar o estado da execución das accións, a análise e valoración de resultados.
- Abordar posibles modificacións e facer propostas de mellora.

Ao final de curso, coa análise realizada dos indicadores, elaborárase un informe de avaliación final no que se recollerán os resultados, cos aspectos positivos, negativos e as propostas de mellora para o vindeiro curso.

Os responsables do desenvolvemento do avaliación deste plan dixital será o equipo de persoas que forma o Equipo Tics no curso 22-23.

### 5. Difusión do plan

Este Plan Dixital será publicado na páxina web do centro coa finalidade de difundilo entre a comunidade educativa para o seu coñecemento.

Unha vez publicado na web informarase á comunidade educativa a través de Abalar.

Ao longo do vindeiro curso abrirase unha canle para que a comunidade educativa fagan achegas que consideren oportunas, para incluílas como propostas de mellora en posteriores versións deste plan.